

- 3.— De producirse a devolución dos recibos enviados ó banco, os gastos ocasionados correrán a cargo do titular do recibo.

*DISPOSICIÓN FINAL.*

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**26º.—ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN  
DE SERVIZOS CULTURAIS ESPECIAIS.**

*ARTIGO PRIMEIRO: CONCEPTO*

De acordo co disposto no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o Prezo Público pola prestación de servizos culturais especiais, que se rexerá polo que dispón esta Ordenanza.

*ARTIGO SEGUNDO : SUXEITOS OBRIGADOS Ó PAGO*

Son suxeitos obrigados ó pago as persoas físicas ou xurídicas que se beneficien dos servizos ou actividades prestadas ou realizadas por este Concello.

*ARTIGO TERCEIRO: FEITO IMPOÑIBLE*

Constitúe o feito imponible:

- A) A asistencia a espectáculos no Auditorio do Centro Cultural (teatro, cine, danza, música etc...)
- B) Calquera outras actividades culturais especiais que esixan unha prestación de servizos culturais e para as que non se estipule gratuidade

*ARTIGO CUARTO: CONTÍAS DAS ACTIVIDADES GRAVADAS*

Establécense as seguintes tarifas:

- a) Tarifa normal.....3,50 €
  - b) Entrada reducida.....2,50 €
- (maiores de 65 anos, menores de 12 anos, pensionistas, xubilados, estudantes)

*ARTIGO QUINTO: DEVENGO*

Devéngase o prezo público e nace a obriga de contribuír cando se comeza a prestación do servizo.

*ARTIGO SEXTO: DECLARACIÓN E INGRESO*

Os suxeitos pasivos que se propoñan asistir a espectáculos públicos ou as actividades que motiven a prestación dos servizos regulamentarios nesta ordenanza deberán aboa-la entrada ou ingresa-la cota que corresponda nos prazos estipulados en cada caso.

A renuncia á participación, unha vez iniciada a prestación do servizo, non dará lugar a devolución ningunha.

*DISPOSICIÓN FINAL.*

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa